

DOSSIER DA ENTIDADE: SON RADIOFUSIÓN

Traxectoria, recursos e base social da entidade

Son Radiofusión é unha entidade de natureza cultural. Creouse en xullo de 2011 coa pretensión de promocionar a lingua e a cultura galegas. Este é o seu décimo ano funcionamento. A entidade non conta con ningún local en propiedade ou en alugueiro. Actualmente, ten un total de 105 persoas asociadas que coas súas cuotas fornecen de recursos económicos á entidade.

Natureza sociocultural, diversificación e liñas de traballo da entidade

Preséntase como unha asociación de amizade coa radio local. Queríamos contribuír tamén a ampliar a base social, a proxección e a imbricación na cidadanía das emisoras municipais da provincia de A Coruña.

Con eses obxectivos producimos infinidade de programas de radio nestes dez anos que logo foron emitidos polas radios públicas locais, en colaboración coa asociación de Emisoras Municipais Galegas. Sostemos, ademais, a páxina web www.radiofusion.gal para ampliar a cobertura dixital das emisoras municipais, producindo unha programación musical de 24 horas que serve como complemento das programacións locais, verdadeira razón de ser deste tipo de medios de comunicación.

Entre as actividades máis salientábeis impulsadas ao longo destes anos destacamos as seguintes edicións de libros, algúns deles de banda deseñada:

- Arias, M. Xesús e Sardiña, Carlos. *Bóveda*. Narón, 2012.
 - Trátase dun libro de banda deseñada con texto de María Xesús Arias e ilustracións de Carlos Bóveda. Procura achegar a figura e o pensamento de Alexandre Bóveda, membro do Partido Galeguista, fusilado en 1936 tras un consello de guerra inxusto.
- Arias, M. Xesús e Sanfiz, Henrique. *Perlío no pasado*. Fene, 2014.
 - Un libro que recolle a historia desta parroquia fenesa dende a época dos castros ata a rotura da ponte de As Pías no ano 1998.
- Sanfiz, Henrique. *O pazo de Barallobre e o pintor Antonio Jaspe Moscoso*. Fene, 2015.
 - Recolle fotografías e historias relacionadas co antigo inmobile levantado en 1591 e derruído definitivamente en 1979. Contén textos de Henrique Sanfiz e fotografías de Ovidio Aldegunde.
- Sanfiz, Henrique e Sardiña, Carlos. *Lucas Ferro Caaveiro*. Fene, 2017.
 - Trátase dun cómic que busca recuperar a figura de Lucas Ferro Caaveiro, arquitecto de A Capela encargado de rematar a fachada da Catedral de Santiago de Compostela. Textos de Henrique Sanfiz e ilustracións de Carlos Sardiña.
- García, Anxos e Sardiña, Carlos. *Rosalía de festa*. Fene, 2019.
 - Banda deseñada que conta a historia de dúas amigas que se aproximan á obra de Rosalía de Castro a través dunha viaxe que esta última realizou ao Seixo.

DOSSIER DA ENTIDADE: SON RADIOFUSIÓN


Ferramentas de difusión, impacto social e acceso aberto ao traballo da entidade

A ferramenta principal de difusión é a páxina web www.radiofusión.ga. Ademais, a asociación conta con distintas redes sociais como son Facebook ([A Fenestra de Radio Fene](#)), Instagram ([@radiofene](#)) e Twitter ([@radiofusiónga](#)).

Proximamente, para chegar a novos públicos, plantexamos a posibilidade de crear un perfil de TikTok cunha identidade similar.

Dossier de prensa

Ademais das novas que se mencionan no dossier sobre o grupo de lectura e o grupo de recuperación da memoria local, adxuntamos algunhas mencións ás actividades realizadas pola asociación que non se poden atopar de xeito dixital.



DOSSIER DA ENTIDADE: SON RADIOFUSIÓN

Dossier de prensa

As actividades en homenaxe a Rosalía de Castro continúan en varios municipios da comarca

San Sadurniño, Moeche ou As Pontes teñen previstas diferentes actividades para a xornada de hoxe

REDACCIÓN FERROL

A conmemoración do 183 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro encara a recta final na comarca de Ferrolterra coa celebración de varias propostas hoxe en diferentes concellos.

En San Sadurniño, a Casa da Cultura acolle a partir das 19.00 horas as derradeiras actividades en lembranza da autora de 'Folias Novas' cun evento musical, literario e audiovisual.

A sesión abrirá coa proxección da peza 'Negra Sombra', producida polo artista dixital Pablo Millán para a terceira edición do Chanfaina Lab. Tamén se visualizará, no decurso da función, un pequeno documental que recolle o traballo desenvolvido na escola infantil municipal de A Rolada no marco do obradoiro Espazos das Familias. Este apartado audiovisual completárase co pase de varios videopoemas gravados no curso sobre manexo do móbil ofrecido pola Aula CeMIT en Lamas.

O evento -con entrada libre- estará conducido pola rapazada do Club de Lectura da Biblioteca e contará ademais coa lectura



Imaxe da mostra de San Sadurniño

colectiva de varios poemas e coas actuacións da Escola Municipal de pandeirata e do Coro de cantos de taberna que botou a andar hai algúns meses en San Sadurniño.

Premios

Durante a sesión entregaránse os premios do 'reto' lector lanzado pola biblioteca municipal ao longo de 2019 e tamén se procederá ao sorteo da lámina que ilustra a exposición da galería municipal, obra do artista gráfico Juanlu Nacha.

Outra das propostas do concello de San Sadurniño en tributo a Rosalía consistiu na exposición colectiva dirixida á veciñanza e que contou cunha gran participación. Así se reflicte no número de cadros presentados, un total de 90, deseñados coa participación

de 270 persoas entre particulares, colectivos e alumnado dos centros de ensino local. A mostra leva por título 'Aló no recuncho máis fermoso' e decora as paredes da galería do Concello.

Moeche

Tamén hoxe en Moeche terá lugar unha homenaxe á poeta. Será a partir das 11.30 horas na nave do Mercado e será desenvolvido polo Consello Local da Infancia e a Adolescencia, que aproveita a ocasión para seguir traballando na reivindicación dos dereitos das persoas falantes de linguas minorizadas, como é o caso do galego.

Farán unha lectura colectiva de poemas rosalianos dando a posibilidade de que calquera poida sumarse. Logo, sobre as 11.45 horas, achegarán a experiencia 'Falando coas nosas maiores', coa que pretenden estudar e coñecer as diferenzas xeneracionais á hora de se relacionar co galego. O programa rematará cunha 'xincana rosaliana' aberta a todos os públicos en equipos de catro ou cinco persoas.

As Pontes

No municipio das Pontes, a Casa Dopeso acollerá ás 12.00 horas a proxección da película documental 'Seixo', centrada na relación de Rosalía de Castro coa fábrica de tecidos da devandita parroquia mugardesa.

Intervirán Juan Carneiro, Miguel Rodríguez e Jorge Gómez, autores do libro 'A festa do Seixo, na beira do mar. Rosalía e a fábrica'. A entrada é libre. ●

» FENE Homenaje a la emigración gallega mañana en la Ribera de Barallobre

La Liga de Amigos de Barallobre en colaboración con Radiofusión organizan mañana -13.00 horas- en la Ribera de Barallobre un homenaje a la emigración gallega. El acto se desarrollará en el paseo Bieito Cupeiro donde se descubrirá una placa en honor a todos los que tuvieron que emigrar. "Non se esqueceron da súa terra natal e contribuíron a facer escolas e outras infraestructuras de progreso. Ademais mantiveron o facho da cultura galega en Arxentina, Cuba e en tantos outros lugares" afirman los convocantes.